



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS (AGE), PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NAS FEIRAS INTERNACIONAIS DO LIBRO, REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN, 2019.

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE:

Dunha parte, a Consellería de Cultura e Turismo (en adiante, “a Consellería”) e no seu nome e representación, Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Asociación Galega de Editoras, (CIF G15130594), e no seu nome e representación, José Antonio Ballesteros Rey, na súa condición de presidente da Asociación Galega de Editoras, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Asociación Galega de Editoras, fundada hai 34 anos, conta con 36 editoriais asociadas na actualidade, exerce o labor de representación das empresas editoriais galegas de ámbito privado. Integrada na Federación de Gremios de Editoriales de España, a AGE encárgase da xestión e defensa dos intereses comúns das editoras galegas e a promoción e difusión dos libros publicados por elas. Dende o ano 2011, todas as editoriais galegas que desenvolven unha actividade profesional poden integrarse na asociación, con independencia da lingua na que editen.

A AGE proporciona servizos de información actualizada sobre o sector do libro, con boletíns informativos semanais referidos a calquera asunto de interese para o negocio editorial: internacionalización, actualidade sobre o sector, dixitalización, feiras do libro, etc. Tamén difunde toda aquela información xerada polas organizacións empresariais galegas polas institucións que traballan no sector cultural.

Entre os seus obxectivos destacan os seguintes:

-Consolidación do sector do libro. A AGE persigue a consolidación dun sistema editorial galego, obxectivo que esixe a existencia de empresas competitivas en Galicia.

- Integración e cooperación intersectorial . A AGE trata de estreitar e mellorar as relacións con todos os axentes que integran a cadea de valor do libro: distribuidoras, librarías, bibliotecas, asocia-



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



cións de escritores/as, asociación de ilustradores/as, imprentas e empresas proveedoras de tecnoloxía.

- **Pofesionalización do sector.** Co fin de axudar e promover a profesionalización do sector, a AGE organiza diversos seminarios e xornadas formativas que abordan os aspectos máis salientables do ámbito produtivo e comercializador: dixitalización, venda online, plataformas de distribución, ferramentas e aplicacións que optimizan a xestión da cadea de valor do libro, etc.

- **Apoio diante dos novos retos impostos pola dixitalización.** A información puntual de todos os avances, decisións estratéxicas e demandas do conxunto do sector contribúen e reforzan o traballo iniciado na nova xeira, que duplica o sistema produtivo e esixe o incremento do esforzo económico.

- **Promoción e visibilización da produción propia.** A entidade conta cunha comisión de promoción do libro que xa organizou numerosas actividades orientadas a visibilizar o libro galego. Froito dese traballo xurdiron os *outlets* do libro, a campaña *Ser Libris*, e o Culturgal. En 2019 a AGE elaborará unha nova campaña de carácter divulgativo sobre o libro galego, en formato documental ou vídeo.

- **Cooperación e establecemento de sinerxías con outros sectores culturais.** A Asociación trata de lograr a cooperación con outros sectores culturais participando en iniciativas como *Firma e Filme*, un proxecto que ten por finalidade estudar as posibilidades de adaptación de obras literarias galegas ao noso audiovisual.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,



Xacobeo 2021





ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO E ACTUACIÓNS

A Asociación Galega de Editoras ten previsto no ano 2019 actividades, accións de fomento e promoción da lectura e do libro como motor do coñecemento.

É obxecto deste convenio a colaboración coa Asociación Galega de Editoras para o mantemento da asociación e para sufragar os gastos correntes derivados da realización das seguintes actividades:

1.- Asistencia e participación en feiras profesionais

A asistencia e participación nas feiras internacionais do libro son unha das actividades anuais que para a AGE resultan fundamentais para dar a coñecer a produción galega no exterior. Este ano a Asociación deseñará material promocional e catálogos propios para favorecer o traballo da AGE nas feiras. A AGE participará este ano nas seguintes feiras internacionais:

- **Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña**, entre os días 1 e 4 de abril de 2019 celebrouse en Boloña a Feira Internacional do Libro Infantil, unha das citas internacionais máis importantes neste ámbito literario e punto de encontro para editoras, axentes literarios, autoras e autores profesionais da ilustración e da tradución e especialistas en literatura infantil e xuvenil de todo o mundo. A AGE por segunda vez participou con stand propio neste evento, considerado fundamental para a promoción das obras galegas nos mercados exteriores. O stand estará financiado pola AGE e as empresas asociadas que participan na feira, e coa colaboración de CEDRO.

- **Feira Internacional do Libro de Bos Aires**. A AGE participou coa presenza de tres persoas representantes da AGE convidadas pola Consellería de Cultura e Turismo, na feira do libro de Bos Aires, entre os días 23 e 30 de abril de 2019 que desenvolveron senllas actividades dentro e fóra do recinto feiral.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



- **Feiras Internacionais do Libro: Frankfurt e LIBER.** No mes de outubro terán lugar as feiras LIBER en Madrid do 2 ao 4 e Frankfurt do 16 ao 20. A AGE participará este ano cunha delegación de editoras desprazadas a ambas as dúas feiras.

- **Feira Internacional do Libro de Guadalaxara.** Do 30 de novembro ao 8 de decembro de 2019 a AGE tamén participará na feira internacional do libro de Guadalaxara (México), un dos eventos editoriais máis importantes de Iberoamérica, e a cita que congrega máis expositores e público en lingua española.

2.- Simposio O Libro e A Lectura 2019

A nova edición *O Simposio: o libro e a lectura* terá lugar os días 21 e 22 de novembro de 2019. O Simposio vense desenvolvendo ininterrompidamente dende hai 15 anos, sempre co patrocinio de CEDRO e coa colaboración da Concellería de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela. É unha das actividades culturais máis relevantes das que celebra o sector en Galicia, tanto polo público profesional inscrito como pola categoría dos profesionais, moitos deles do ámbito internacional, que participaron nas catorce edicións xa celebradas. Este ano a temática do Simposio estará centrada no libro educativo.

3.- Xornadas venda de dereitos e participación nas feiras

Debida á importancia das feiras internacionais para o sector editorial e as asociadas a AGE, este ano a Asociación ofrecerá ás súas empresas asociadas senllas xornadas profesionais en venda de dereitos e participación en feiras, impartidas pola axente literaria, Carlota Torrents.

As xornadas van dirixidas ás editoras que hai tempo participan nunha feira pero empregan as mesmas estratexias e desexarían obter máis rendemento do investimento que supón asistir a unha feira do libro a nivel internacional. Hoxe en día, as empresas editoras son conscientes da importancia da internacionalización e que comprar ou vender dereitos resulta fundamental para a supervivencia dalgunhas casas editoriais.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



4.-CULTURGAL

A Feira das Industrias Culturais de Galicia-CULTURGAL, volverá a celebrar un ano máis outra edición, en Pontevedra, entre o 30 de novembro e o 1 de decembro. A Feira naceu hai anos froito da vontade da AGE e a colaboración con outras asociacións profesionais. As empresas editoriais galegas participan de forma activa e desenvolven múltiples accións de promoción: mesas redondas, presentacións de libros, foros de debate...e, por suposto, presentación das súas novidades editoriais nos respectivos stands e no da Asociación Galega de Editoras.

5.- Páxina Web

Co fin de achegar información actualizada sobre o sector editorial e as actividades propias da nosa entidade, a Asociación Galega de Editoras estreou en abril de 2016 un novo sitio web. Un portal moderno e atractivo co que se pretenden compartir todas as novidades producidas ao redor do universo do libro.

6.- Campaña de promoción e divulgación do libro

En 2019 a AGE elaborará unha nova campaña de carácter divulgativo sobre o libro galego, en formato documental ou vídeo promocional dunha duración de 2 ou 3 minutos, aproximadamente, a modo de anuncio publicitario co fin de dar visibilidade ao libro galego e ao traballo das persoas do sector editorial. A AGE ten prevista a súa difusión a través dos medios, da súa web e redes sociais, centros educativos, etc. e estará dirixido ao público xeral.

7.- Asistencia a reunións e eventos da FGEE, CEDRO e/ou gremios (Fórum Barcelona), da secretaria técnica.

A AGE conta desde outubro de 2016 con novas instalacións para dar un servizo puntual ás empresas asociadas. A maiores contratouse unha secretaria técnica co fin de dar cobertura ás necesidades da propia asociación. Esta nova situación incrementou os gastos da AGE, tanto os fixos



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



(mantemento do local e salario) como os variables (desprazamentos da secretaria ás feiras internacionais, reunións periódicas na FGEE e CEDRO, etc.) Mais, consideramos que estas son as condicións mínimas e imprescindibles para que a AGE poida vertebrar ao sector editorial galego.

A secretaria técnica acude habitualmente ás feiras internacionais en representación do gremio e das editoras asociadas co cometido de ofrecer información de calidade aos profesionais do sector que a solicitan -axentes literarios, editores estranxeiros e/ou distribuidores-; comunicación e difusión da axenda das editoras asociadas e/ou do sector, que poidan ser de interese. No caso de que a AGE participe con stand propio, como en Boloña nos dous últimos anos, a secretaria técnica ocúpase do stand, da montaxe e colocación dos libros e o seu envío, do deseño, planificación e organización da asistencia e participación na feira. Finalmente, da elaboración dun informe interno do desenvolvemento das feiras.

Tanto a secretaria técnica como a executiva da AGE, principalmente o presidente da Asociación, son convocados anualmente a xuntanzas na Federación de Gremios de Editores de España e en CEDRO. A Federación celebra arredor de 3 ou 4 xuntanzas de secretarios/as na súa sede, ao ano, ás que asiste a secretaria técnica da AGE, e CEDRO celebra unha xuntanza anual coas entidades e autoría asociadas. A AGE está representada nesta xuntanza pola secretaria técnica.

O presidente da AGE, pola súa parte, debe desprazarse á sede da Federación para asistir ás asembleas xerais da FGEE que se celebran anualmente, aproximadamente unha cada trimestre.

A secretaria técnica e o presidente da AGE (ou, na súa ausencia o vicepresidente) participan en congresos, conferencias e/ou encontros e actividades que convocan os demais gremios do Estado que son de interese para o noso sector.

A Consellería de Cultura e Turismo ten especial interese en levar a cabo este convenio co obxectivo de axudar e promover a profesionalización do sector, xa que a AGE leva a cabo actividades formativas que abordarán os aspectos máis salientables do ámbito produtivo e comercializador: dixitalización, comercialización on line, plataformas de distribución, ferramentas e aplicacións que optimi-



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



zan a xestión da cadea de valor do libro, etc., constituíndo un apoio fundamental para o sector diante dos novos retos impostos pola dixitalización e as novas tecnoloxías da información.

A Consellería de Cultura e Turismo comprométese a entregarlle á Asociación Galega de Editoras a cantidade de Quince mil euros (15.000 €), como contribución para os gastos de funcionamento da asociación e para a realización das actividades de promoción e consolidación do sector do libro no ano 2019 que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia do presente convenio. Esta cantidade librarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, co código de proxecto 201500372:

-11.20.432B.481.2: 5.000 €

-11.20.432B.781.1: 10.000 €

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para o ano 2019, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así como o interese social das mesmas, a sinatura deste convenio encádrase, nos que non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia, sendo a Asociación Galega de Editoras a única que pode desenvolver na nosa comunidade autónoma as ditas actividades.

Por iso e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para o ano 2019, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrência polas especiais características da entidade coa que se convenia.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS

A Asociación Galega de Editoras comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Asociación deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Asociación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Asociación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, a Asociación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse consonte ao establecido no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, antes da sinatura do convenio.

A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura e Turismo poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Cultura e Turismo, para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio, comprométese a entregarlle á Asociación Galega de Editoras a cantidade de 15.000 € (5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B.481.2, e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, código de proxecto 201500372).

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo poderá realizar pagamentos anticipados que suporán achegas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se poderá achegar como pago anticipado será de 9.000 € (4.000 € correspondentes a gastos de funcionamento da Asociación, e 5.000 € en concepto de gastos derivados das actuacións de carácter cultural).

A Asociación tamén poderá solicitar pagos á conta, segundo o previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, ou sexa 12.000 €.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.-COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, é o 30 de novembro de 2019.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, ubicada no espazo “A miña sede”, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.gal>

A Asociación presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, importe, data de emisión e data de pagamento.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a Asociación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2019, dende o 1 de xaneiro ata a data límite de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo, e polo presidente da Asociación.

SÉTIMA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.-PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación Galega de Editoras, acepta a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- XURISDICIÓN

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.-VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2019.

DÉCIMO PRIMEIRA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O presidente da Asociación Galega de
Editoras

Román Rodríguez González

José Antonio Ballesteros Rey



Xacobeo 2021

